



Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Proxectos de innovación e investigación educativa en linguas estranxeiras		Código	652609E419	
Titulación	7 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Linguas Extranxeiras				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	2	
Idioma	Inglés				
Modalidade docente	Híbrida				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinación	Pan Pérez, Yarizán	Correo electrónico	y.perez@udc.es		
Profesorado	Pan Pérez, Yarizán	Correo electrónico	y.perez@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Na materia: "Proxectos de innovación e investigación educativa en linguas estranxeiras" propóñense diversas metodoloxías incluíndo activamente aos estudantes para favorecer o desenvolvemento de proxectos innovadores e facilitar referencias bibliográficas e investigacións punteiras na área obxecto de estudo.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A23	(CE-E9) Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
A28	(CE-E14) Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativa e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.	AP23		CM2
	AP28		CM3
			CM4
			CM6
			CM7
			CM8

Contidos

Temas	Subtemas
Principais liñas de investigación en didáctica das LEs.	.
Análise e preparación de propostas e proxectos innovadores no ensino-aprendizaxe da LE.	.



Participación en discusións e foros relacionados coa especialidade.	.
Publicación de investigacións e conclusións.	.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A23 C2 C3	7	3	10
Presentación oral	C2 C3 C4 C6	2	10	12
Investigación (Proxecto de investigación)	A23 A28 C7 C8	1	15	16
Proba obxectiva	A28 C2	1	10	11
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propondo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Investigación (Proxecto de investigación)	Proceso de ensinanza orientado á aprendizaxe do alumnado mediante a realización de actividades de carácter práctico a través das que se propoñen situacións que requiren ao estudante identificar un problema obxecto de estudo, formulalo con precisión, desenvolver os procedementos pertinentes, interpretar os resultados e sacar as conclusións oportunas do traballo realizado.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Investigación (Proxecto de investigación)	As presentacións e proxectos orais implican a posibilidade de que o alumnado reciba atención personalizada. Estes serán revisados polo profesor polo menos unha vez durante as horas de tutoría e sempre que o alumno o considere oportuno.
Presentación oral	O alumnado de matrícula parcial e/ou con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas polo docente, e terá atención personalizada no horario de tutorías, para aclarar dúbidas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia.



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A28 C2	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>	30
Investigación (Proxecto de investigación)	A23 A28 C7 C8	Proceso de ensinanza orientado á aprendizaxe do alumnado mediante a realización de actividades de carácter práctico a través das que se propoñen situacións que requiren ao estudante identificar un problema obxecto de estudo, formulalo con precisión, desenvolver os procedementos pertinentes, interpretar os resultados e sacar as conclusións oportunas do traballo realizado.	40
Presentación oral	C2 C3 C4 C6	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.	30

Observacións avaliación



Alumnado asistente

Para superar a materia na convocatoria ordinaria, o alumnado deberá asistir ao 80% das sesións presenciais e será necesario que superen cada un dos items de avaliación que se indican a continuación. Se non, non se fará a media.

1. Presentación oral 30
2. Proxecto de investigación 40
3. Proba obxectiva 30

Alumnado con dispensa académica

Segundo o establecido na "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO E A PERMANENCIA E APROGRESIÓN DOS ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (aprobada polo Consello Social do 04/05/2017):

1. Deberá poñelo encoñecemento do docente na primeira semana de clase, ou, se isto non foraposible, nun prazo non superior a 7 días desde que lle fora concedido o recoñecemento.
2. Terán que realizar, individualmente, todas as actividades/traballos propostos ao longo do curso e entregalos nas datas establecidas polo docente.3. A cualificación será a media ponderada das notas das actividades e traballos realizados durante o curso e da nota da proba realizada na data do calendario oficial de exames, debendo obter en cada unha das partes un aprobado (5 sobre 10) para poder superar a materia. No caso de non superar algunha das partes na primeira oportunidade, deberán repetir na segunda oportunidade as partes non aprobadas (actividades/traballos e/ou proba).

Outros casos

Aqueles estudantes que non asistan ao 80% das sesións presenciais ou non superen a materia na convocatoria ordinaria serán avaliados na convocatoria extraordinaria de xullo polo mesmo método proposto para estudantes con dispensa académica.

Como consideración xeral, teranse especialmente en conta as deficiencias ortográficas na puntuación e acentuación (se é o caso), así como a escritura inconexa ou inadecuada, unha mala presentación, etc., tanto nos exames como nos traballos. Todo isto suporá a redución de puntos na nota obtida.

No caso de detectar plaxio nas probas de avaliación, a nota axustarase ao disposto no artigo 14.4. das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos universitarios de grao e máster *. Nesta materia, se os profesores detectan plaxio nalgunha das probas, significará un 0 na nota final. En caso de reiteración, trasladarase á Comisión Académica para que tome as medidas oportunas.

* "Na realización de obras, o plaxio e o uso de material non orixinal, incluído o obtido a través de internet sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, do permiso do seu autor, pódense considerar causa da cualificación de suspenso na actividade. Todo isto sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que podería haber lugar despois do correspondente procedemento".

Fontes de información



Bibliografía básica

- Bobadilla-Perez, M., & Couto-Cantero, P. (2015). Development and implementation of plurilingual/bilingual projects in pre-school and primary schools. INTED2015 Proceedings, 7448?7458.
<https://library.iated.org/view/BOBADILLAPEREZ2015DEV>Casanova Fuentes, A., & Couto Cantero, M. P. (2019). English language in the classroom: A text dramatization experience in Galicia. DIGILEC: Revista Internacional de Lenguas y Culturas, 5(0), 52?69. <https://doi.org/10.17979/digilec.2018.5.0.4988>Couto-Cantero, P., & Bobadilla-Pérez, M. (2017). Análisis, implementación y evaluación de programas bilingües en Galicia y la Universidad de A Coruña. 57-66. In M. E. Gómez-Parra & R. Johnstone (Eds.), Bilingual Education: Educational Trends and Key Concepts. Educación Bilingüe: Tendencias Educativas y Conceptos Clave. (pp. 57?66). Catálogo de publicaciones del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. <https://bit.ly/3czlFKq>Couto-Cantero, P., & Bobadilla-Pérez, M. (2018). Ten Fundamentals for Novice CLIL Teachers. E-TEALS, 9(s1), 108?131. <https://doi.org/10.2478/eteals-2018-0015>Ferrer, Carolina, Algás, Pilar, y Martos, Juan M. (2007). ¿Valoramos el trabajo por proyectos?. Aula de Innovación Educativa, 166, 71-75.Fried-Booth, D. L. (1997). Project work. (8th Ed.) Oxford: Oxford University Press.Majó, Fanny. (2010). ¿Por los proyectos interdisciplinarios competenciales?, Aula de Innovación Educativa, 195, 7-11.Meganathan R. Project Work to promote English Language Learning. (12/ 09/2010). Retrieved from <http://www.teachingenglish.org.uk/blogs/rama-meganathan/project-work-promote-english-language-learning>Moss, D. (1998). Project-based learning and assessment: A resource manual for teachers. Arlington, VA: The Arlington Education and Employment Program (REEP).Pozuelos Estrada, Francisco J., y Rodríguez Miranda, Francisco de, 2008, ¿Trabajando por proyectos en el aula. Aportaciones de una investigación colaborativa?, Investigación en la escuela, 66, 5-27.Stoller, F. (2002). Project Work: A Means to Promote Language and Content. In Jack, C. Richards & Willy, A. Renandya (Eds.) Methodology in Language Teaching: an anthology of Current Practice (pp. 107-120). Cambridge: Cambridge University Press.Stoller, F. (2006). Establishing a theoretical foundation for project-based learning in second and foreign language contexts. In Beckett, G., H. & P. C. Miller (Eds.), Project-Based Second and Foreign Language education: past, present, and future (pp. 19-40). Greenwich, Connecticut: Information Age Publishing.Thomas, J. W. (2000). A review of research on project-based learning. Retrieved from http://www.ri.net/middletown/mef/linksresources/documents/researchreviewPBL_070226.pdfTrujillo Sáez, Fernando. (2012), Enseñanza basada en proyectos: una propuesta eficaz para el aprendizaje y el desarrollo de las competencias Básicas. Eufonía - Didáctica de la Educación Musical, 55, 7-15.Wrigley, H. S. (1998). Knowledge in action: The promise of project-based learning. Focus on Basics: Connecting Research and Practice, 2(D). National Centre for the Study of Adult Learning and Literacy. Retrieved from: <http://www.ncsall.net/index.html?id=384.html>



Bibliografía complementaria	<p>Buck Institute of Education PBL Explained http://bie.org/objects/cat/videos Planning forms http://www.bie.org/objects/cat/planning_forms Project-Based Learning for Adult English Language Learners Donna Moss, Arlington (VA) Education and Employment Program (REEP) http://www.cal.org/caela/esl_resources/digests/ProjBase.html Project Work to promote English Language Learning Submitted by Rama Meganathan on 17 March, 2011 - 02:57 http://www.teachingenglish.org.uk/blogs/rama-meganathan/project-work-promote-english-language-learning E Pals Global Community http://www.epals.com AllEnglish LLC http://www.allenglish.org/index.html 13 personal Projects Ideas for English Language Students http://allenglish.org/blog/?p=3108 Making Groupwork Work Colin Neville. Learnhigher CETL at the University of Bradford http://archive.learnhigher.ac.uk/resources/files/Group%20work/groupwork_booklet_200109.pdf Webinars http://www.teachingenglish.org.uk/webinars Desde-el-libro-de-texto-al-trabajo-por-proyectos https://www.slideshare.net/Dantesco/desde-el-libro-de-texto-al-trabajo-por-proyectos Buck Institute of Education PBL Explained http://bie.org/objects/cat/videos Planning forms http://www.bie.org/objects/cat/planning_forms Project-Based Learning for Adult English Language Learners Donna Moss, Arlington (VA) Education and Employment Program (REEP) http://www.cal.org/caela/esl_resources/digests/ProjBase.html Project Work to promote English Language Learning Submitted by Rama Meganathan on 17 March, 2011 - 02:57 http://www.teachingenglish.org.uk/blogs/rama-meganathan/project-work-promote-english-language-learning E Pals Global Community http://www.epals.com AllEnglish LLC http://www.allenglish.org/index.html 13 personal Projects Ideas for English Language Students http://allenglish.org/blog/?p=3108 Making Groupwork Work Colin Neville. Learnhigher CETL at the University of Bradford http://archive.learnhigher.ac.uk/resources/files/Group%20work/groupwork_booklet_200109.pdf Webinars http://www.teachingenglish.org.uk/webinars Desde-el-libro-de-texto-al-trabajo-por-proyectos https://www.slideshare.net/Dantesco/desde-el-libro-de-texto-al-trabajo-por-proyectos</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Como consideración xeral, teranse especialmente en conta as deficiencias ortográficas na puntuación e acentuación (se é o caso), así como a escritura inconexa ou inadecuada, unha mala presentación, etc., tanto nos exames como nos traballos. Todo isto suporá a redución de puntos na nota obtida. No caso de detectar plaxio nas probas de avaliación, a nota axustarase ao disposto no artigo 14.4. das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos universitarios de grao e máster. Nesta materia, se os profesores detectan plaxio nalgunha das probas, significará un 0 na nota final. En caso de reiteración, trasladarase á Comisión Académica para que tome as medidas oportunas. Na realización de obras, o plaxio e o uso de material non orixinal, incluído o obtido a través de internet sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, do permiso do seu autor, pódense considerar causa da cualificación de suspenso na actividade. Todo isto sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que podería haber lugar despois do correspondente procedemento. Recoméndase enviar os traballos telematicamente e, de non ser posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías